

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 21 DE DECEMBRO DE 2022.

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e un de decembro de 2022, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. ÁLVARO SANTOS RAMOS, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto.. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

1. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a segunda e derradeira prórroga do contrato para o servizo de colaboración co Concello de Lugo para a asistencia xurídica e representación e defensa en xuízo. Exp. ref: 2020/C003/000025, que vai dende a data do 19.02.2023 ata o 18.02.2024.

Acórdase a primeira prórroga do contrato dende o 16-02-2023 ata o 15-02-2024 na contratación do servizo de transcripción de actas do Pleno e das Comisións do Pleno, que así o requiran, do Excmo. Concello de Lugo. Expdte ref: 2021/C003/000040

Tamén se acorda a incoacion de expediente de imposición de penalidades por incumprimento do prazo de execucion da obra na contratación da obra "Prolongación del paso subterráneo bajo la N-VI" incluído no programa operativo Feder Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro con financiamento do 80%. Exp. ref. 2020-C002-000041.

Acórdase a rectificación do acordo da Xunta de Goberno Local número 2/671 de data 16/11/2022 polo que se resolveu definitivamente o contrato administrativo do servizo de atención telefónica ao cidadán (010) por erro de transcripción no importe do aval a incautar.

Así mesmo, acórdase a declaración de deserto na contratación dun servizo

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac1996436271502118835.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 21-12-2022

de cociña, comedor e lavandería para a escola infantil ;Gregorio Sanz; do Concello de Lugo. exp. ref. 2022-C003-000016.

Tamén se acorda a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas así como do gasto, adxudicación por procedemento aberto simplificado na contratación da obra de "Acondicionamiento, conservación y mejora de rúa Pousadela" dentro da estratexia Dusi Muramiñae da Muralla ao Miño incluído no programa operativo Feder orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro con financiación del 80%. Exp. ref. 2022-C002-000029 e a apertura do procedemento de adxudicación. Exp. ref. 2022-C002-000029.

Acórdase a adxudicación na contratación - mediante seis lotes - de campañas de publicidade institucional en los distintos medios de comunicacion. Expte ref. 2022-C003-000021.

Tamén se acorda a desestimación do recurso de reposición interposto contra a decisión da mesa de contratación de selección de oferta economicamente máis vantaxosa na contratación da subministración de catro carrozas en réxime de aluguer para a cabalgata de reis 2023. expdte ref: 2022/C004/000024.

2. FACENDA LOCAL.- Acórdase a aprobación do proxecto modificación imposto sobre bens inmoables.

3. PERSOAL.- Acórdazse a aprobación das bases específicas para o acceso en propiedade a dúas prazas de auxiliar administrativo/a pertencente ó cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de promoción interna OEP 2021.

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA

4. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase denegar a licenza urbanística para edificación destinada a caminador de cabalos para o paseo e adestramento de équidos, en Penarrubia, San Miguel de Orbazai (expte: 162/17).

Acórdase a concesión das seguintes licenzas urbanísticas: para corte para explotación equina, en San Miguel de Orbazai (expte: 251/18) e para obras de

reforma interior parcial de oficina a vivenda e cambio de uso de oficina a vivenda do piso 2º b do edificio con licenza 483/94 da rúa Manuel María, número 4 (expte: 2021/Y001/000282).

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA

5. ACTAS.- Acórdase a aprobación das actas das Xuntas de Goberno Local ordinaria do 6, 13,19 e 26 de outubro e 2, 9, 16, 23 e 30 de novembro e a extraordinaria e urxente do 28 de outubro de 2022.

ÁREA DE GOBERNO DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS

6. CEMENTERIO.- Acórdase a modificación do horario de apertura e peche ao público no recinto no Cemiterio Municipal de San Froilán.

Fora da orde do día

- Acórdase a renuncia dentro da liña 2 relativa aos "proxectos das fases 2-3 e 4 de rehabilitación do antigo Cuartel de San Fernando convocatoria de axudas do Ministerio de Transporte, Movilidad e Agenda Urbana, para a rehabilitación de edificios de titularidade pública (Orde TMA/178/2022, DE 28 DE FEBREIRO BOE NÚM. 60 DE 11 DE MARZO DE 2022) - Plan recuperación, transporte e resiliencia.

Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcadesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.